


05 XULLO DO 2007 - NÚMERO 674

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Francisco Salinas Portugal



Francisco Salinas Portugal

Boca de cobra

Francisco Salinas Portugal (Güín, 1955) pertence á selecta estirpe da lenda. Despois de ser un dos nomes centrais do grupo De Amor e Desamor, de publicar un libro tan inclasificable como *Os habitantes da culpa* ou de converterse nun dos maiores estudosos da Literatura da lusofonía –especialista mundial na obra de Pepetela–, Salinas Portugal demerxeuse nun longo silencio, con contadas aparicións públicas e escasos recitais. A pesar dese silencio, non deixou de crear: novelas, relatos e, sobre todo, poemas: longos libros de poemas nos que amosa a súa sorprendente imaxinería e que aínda hoxe seguen á busca de editor. De dous destes inéditos, *Boca de cobra* e *O xesto do vencido*, son precisamente os textos que hoxe reproducimos en Revista das Letras, nun monográfico de verán que recupera para os lectores a voz dun poeta sen referentes inmediatos no panorama da lírica galega contemporánea.

[1] Mil palabras na boca da cobra

Na boca da cobra naceron os poemas da vida
e na súa roda,
axitada polo harmatán vindo do deserto,
puxen a pezoña e o veneno mortal da mordedura.

Ceguei co meu brazo roto de acariciar as horas,
co meu dedo de deus trás da morte do heroe
e carregando
un peso excesivo de metáforas.
Erguín ao vento os estandartes esgazados polos dentes de animais
e polas uñas dos amantes abismados nas palabras.

Cando abríu o día
sentín o arrepío da serpe no seu tobo,
o ciciar punxente dunha morte anunciada
nas imaxes do libro dos lamentos.

Corrín pola encosta
a camiño do val trespasado polo río do olvido,
un lugar de infancia derrotada e vinganzas aniñadas na carcoma das horas.

Nas beiras descansei
recollendo os restos de naufraxios presentidos,
a vida breve que ficou prendida
dun xesto de amor no que cuspín carraxe
polas mil mentiras coas que fixen delicados versos
para enganoso deleite dos que sofren.

Na miña soledade inmerecida
a ninguén quixen amar nen fun amado polos inimigos
que se encostaban ás paredes da nostalxia
co pánico da boca da cobra agarrado ás veas que afogan o corazón
–un lamento tecido de desqueres primeiros–.

Nos días de agardar a morte
asinei con pulso firme o testamento da vida,
abandonei as cousas felices nas que puxen o beixo adolescente
e as marcas dun amor nas pálpebras furadas.
Polos buratos da memoria procurei o destino que virou na encrucillada para Oriente.
e atopei as historias que a cobra mordía deitada nas laxes de chumbo e de arxila.

[2] O amor da cobra

Quero despirme do amor
e das cousas aprendidas
das frases galantes e dos xestos delicados,
das caricias falsas como lingua de cobra sobre o ventre.

Deixar a paixón, porque é falso o amor
e só temos entre as mans
a ferida queimada do desleixo
en que consumimos as tardes indolentes
e as noites precipitadas no abismo.

Quero despirme de ti
e de todos os corpos que usei
degustados nos praceres prohibidos,
nos ocultos buracos onde a cobra aniñaba
antes de morder coa sua lingua de seda a ardencia dos labios.

Quero quitarlle ao amor as metáforas e os signos,
as promesas que sabemos non cumprir
e o ritmo dunha danza que nos leva ao inferno.

Quero gozar de ti, gozando co meu corpo fermosísimo
do teu corpo no meu, cadáver tan amado
dos corpos amoreados no terreiro
atados con cordas ao sentimento do vacío
presos ás cobras e á cabeza da Medusa
e
comparecer así
nu e despido
perante os outros que me observan como espellos partidos pola náusea

e
poder cuspirche
esgazar a túnica coa que cobres os ombros
amarte fisicamente, fisicamente penetrarme de ti
e ser materia
promesa e amor dun poeta condenado e ágrafo.

[3] Os amigos da infancia

A nosa infancia é unha man extendida
nos círculos da luz e da memoria,
un facer sinais de regreso
co ollar estúpido que teñen as crianzas cando choran.

A nosa infancia,
un tempo de lecer nos campos de pisar o millo,
unha enerxía misturada con sangue no fulcro da loucura
que é o mesmo que dicir amor e raiva
e xa non sabiamos o porqué de tantos mortos nas esquinas
nen a razón das agullas cravadas no teu brazo
como un céu que cai e lentamente chora.

O noso tempo é un sol espléndido sobre a calva de deus
cando deus se disfrazaba de Arlequín e escribía un poema
coas palabras de danzar
& rodo
na festa das Colombinas que teñen dentes postizos
e aros de ouro nas xenxivas descarnadas
(esaxerando un finxemento de dor que é dor apenas)
de non poder encontrarse ao virar a madugada.

Os nenos traen as barrigas
cobertas de insectos venenosos
de alacrás e serpes pezoñentas como a brisa.

Os nenos, observados do alto das idades
teñen muñóns no brazo esquerdo de pedir esmola
e teñen sempre unha caricia que se apronta
na mais perversa lingua e que se fala,
un riso nítido
nas imaxes de papel na sombra dos guindastes.

A nosa infancia é a marca do tempo
sobre o tempo das cousas
a marca ou o sinal do regreso no fantasma que dói
a pena tanta
que esquece o nome de deus, os nosos propios nomes.

[4] Renúncio aos poetas da miña terra & cobra

Os poetas da miña terra
gostan do azul
e eu odio o azul, a ametista, as cores ambarinas.
Detesto as flores
que din que son azúis e non son flores,
nen son azúis,
nen serían rosas
se os poetas da miña terra non estivesen empeñados en criaren rosas
en estanque de nenúfares.

–porque nos estanques
a auga é lamacenta e cheira a maresía e peixe podre
e as rosas,
como todos sabemos,
só medran en xardíns cuidados con esmero
por criados de levita

e no meu país
non hai xardíns,
só callaus e pedras do tamaño dun mundo
para descansar a serpe
e para serviren, se acaso, de arma homicida
cando estamos fatigados–.

E as miñas palabras non poden ser azúis,
talvez a cor da raiva lles acaia con esmero,
e os meus versos non poden ter a melancolía
coa que os poetas da miña terra se desmaian ante a rosa.

Porque só a carne esvaece na volupia fremente
cando a uña rasga o sexo dunha virxe,
cando os pulsos oprimen a gargarta que grita,
cando o vómito estala no centro da danza,
cando foxe pra lonxe a razón e a loucura.

Definitivamente,
non gosto de azul,
porque o azul só me lembra os anxos sen sexo
os mares tranquilos sen suicidas nen náufragos,
os palacios da infancia con raíñas estúpidas

Definitivamente
só gosto dos poetas da miña terra
cando morden a axila
cando marchan en trunfo para o inferno da gloria
cando uíban á noite e a man apodrece

(ese instante en que a dor ultrapasa a fronteira).

[5] Carta de amor sen endrezo

Tanto amor na códea destes días
e tanto odio mastigado con desprezo!
cando procuro na tarde entre grafitis
unha palabra, serpente de ternura que che acaia,
un xesto rascuñado por outra man
–que non a miña, talvez mais inocente!–

Fecho as portas aos deuses,
poño a lingua na rota dos veleiros,
calco o pé no sobrado da casa abandonada
e só encontro nas paredes
xestos dun outro amor e datas que conforman calendarios,
iniciais como versos que perderan a rima
e citas ás que non asistín, porque non era eu quen procuraban.

Séntome entón nunha esquina que os outros descoñecen
e como neno que son
mordo a mazá, a froita xa madura.

Tres impresións de “hóspede do museu”

às veces fica só unha estátua quebrada
na que o tempo acumula rosas de humidade
e unha
hora imprecisa de estacións nevoentas
(Pilar Pallárés, *Livro das Devoracións*)

Pareime no museu á fronte dunha estatua,
dun torso nu povoado de estrelas que se soñan
cos ollos cegos para non ver da beleza a destruíción

e ser a máscara que nos finxe
na distancia serena
deste torcarnos sen brazos
para furtar as mans que as lágrimas perderan.

Fiquei no museu
para rozar co meu rosto o mármore do olvido
e o riso en rictus polos labios
tiña o aroma adolescente da carne maltratada
que o artista modelou ignorando o meu tacto
e o frémito da materia transmutada en corpo.

Senteime no colo dunha deusa
para fechar as portas do tempo e os murmurios
que me empurran até ignorarte
e gozar da túa morte que é, talvez, a miña un pouco
mentres son e resisto á sombra dun imperio cincela-
do.

Pareime no museu e non ollei
o que outros nunca viran:
a silueta triste das mans que aman setembro.

II

Surpreendínme cos ollos
de espreitar tan fixo
na indolente tranquilidade dunha esquina iluminada
e unha frase que a boca deixou sen acabar,
os dentes na siliencia das conversas susurradas.

Que ía dicir o modelo cando foi apreendido
nun trazo forte como risco de ferida aberta á noite?
Que palabra banal talvez non dixo?
Que frase, que imaxe sublime
deixou para o futuro aquela figura
que era carne aberta na rutina da alcova?
Que quieta nudez desesperada se esconde
na indolencia dun brazo mutilado?

E dan as horas nun reloxo da sala e cai o día
como anémonas no camiño de Fiésole
cando o sol é vermello e a morte unha quieta perma-
nencia;
cando das altas xanelas contemplo o mundo
e os amores condenados polo tedio.

III

Pouso os dedos da miña man esquerda
na ternura dos seos que amamantan
nun arrepío de medo que tensa os músculos da fren-
te.

O neno perdeu a cabeza,
só ten o labio
que latexa no vacío;
só a deformación dunhas pernas
que arrincan da materia asexuada
coa súa fraxilidade inmediata
e submisa
ao meu desexo
de xirar o tempo para adentro.

Os gardas deste torpor de verán e sonnolento
son fotogramas dun filme prohibido que fan brillar na
escuridade
as suas esporas
que rozan ao de leve cada un dos meus xestos
como as uñas dos amantes feríndose sen gritos nas
esquinas.


Fecho as portas á inmensidade da luz
e dos signos exteriores.
Fecho a boca, as mans
a carne toda que se estende
pola patina de Agosto nas pupilas.
Fecho entón o xesto
no puño dilatado
que homicida desfai tanta beleza.

12 XULLO DO 2007 - NÚMERO 678

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**

Roberto Ribao
Álbum



Roberto Ribao

Retallos do cotián

Roberto Ribao propón neste monográfico da 'Revista das Letras' unha reconstrución posible da memoria dos seus primeiros anos de vida. Un proxecto co que este artista volve convidarnos a través da imaxe fotográfica a esculcar a realidade desde outro ollar, de xeito que retallos de cotidianeidade esquecidos ou até entón desapercibidos se revelan diante da nosa consciencia. Ribao amosa unha vez máis o potencial da cámara para suxerir historias, coa creatividade e a intelixencia de quen a manexa como filtros primordiais. Para que a fotografía poida converterse en instrumento de goce, emoción e, tamén, reflexión.











Coordinación: A.R. López, Montse Dopico e S. Noia. Deseño: Signum.

Todo naceu como un xogo de pescuda no meu álbum familiar. Un álbum que non ten nada de extraordinario, cheo de fotos que nomeadamente recollen as celebracións e algúns actos cotiáns, moitas delas movidas, mal encadradas ou desenfocadas. Porén, depende con que ollos miremos esas fotos.

Mergullando nas imaxes dos meus primeiros anos de vida, decidín aplicarlles unha nova mirada. Volvín situarme naquel tempo de infancia: a aldea, a emigración, a familia, aquel Ourense de finais dos sesenta..., pero doutro xeito. Así, en moitas desas imaxes aparentemente convencionais atopei fermosura, intriga, historias suxeridas, lembranzas que activaron a miña confusa memoria... Activar a mirada serve para explorar no que nos vén dado, para focalizar a nosa atención no esencial. Acción que nos permite atopar a beleza agochada en imaxes que non tiveron esa pretensión, mesmo chegando a enxergar insólitas referencias aos grandes da fotografía.

Asemade, o humor e as brincadeiras sérvenme para desvelar os protagonistas dunha nova historia. Esa que me permite ver ao meu tío avó Xosé como un pioneiro das camisas reivindicativas na aldea. Ou feitos extraordinarios como ese ‘Punk non Dead’, escrito con xiz na cuba de viño, algúns anos antes de que aparecera o movemento punk. Ou dispós dunha imaxe daquel momento da infancia que nunca se me quitou da cabeza, cando se xuntou a xente para ver a chegada do home á lúa na primeira televisión da aldea. Estraña presenza, tendo en conta que aínda hoxe dubido de que aquela *xesta* acontecera realmente.

O home chegou á lúa porque puidemos velo nas imaxes. Fomos o que din as fotos que fomos.


Roberto Ribao



19 XULLO DO 2007 - NÚMERO 679

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Daniel Salgado
Ofensiva

Un poema periférico, sen adestrar, que ataca ao situarse contra a retirada unilateral. Construído contra as palabras prohibidas, cunha linguaxe clara que detecta o real. Un manuscrito que queima rexistros, descompón instrucións e perde o norte. Así explica Daniel Salgado (Monterroso, Lugo, 1981) a súa creación para este número da *Revista das Letras*. Unha proposta na que latexan teimas e inquedanzas xa exploradas por este escritor e xornalista en *Sucede*—obra que obtivo o II premio de poesía Uxío Novoneyra—, *Éxodo*, e, sobre todo, en *Días no Imperio*—libro distinguido co XXIV Premio Esquío de Poesía en lingua galega—. Se cadra, porque a poesía é, segundo el mesmo ten comentado, “o cascallo dunha civilización fracasada e as costuras rebentadas da linguaxe”. Un abrigadoiro desde o que enfrontarse á realidade da Europa occidental do noso tempo. Sen medo a atoparse coa memoria esquecida ou coa constancia das fendas dun sistema mundial en crise, pegada dun tardocapitalismo destrutor e alucinado. Poesía é, ou pode

Daniel Salgado

Ofensiva

ser, da man de autores como Daniel Salgado, ofensiva, ataque. Rebelión da consciencia na era do pensamento amordazado. Berro de “socialismo ou barbarie” sen anacronías ou, polo menos, coa esperanza de que nada permanece para sempre. Reemerxer do discurso sobre o conflito de clase e as súas consecuencias e sobre as eivas que sofre un país que decidiu deixarse. Homenaxe, tamén, a outros artistas, e reflexión sobre a propia poética. Poesía é todo iso, aínda que agrome do colapso, e non deixe de ser o seu reflexo.



[por un poema en ofensiva]

I

a prol dun poema culpábel: que interroga a cidade, que proceda, que se responsabilice: sen adestrar: un poema ao ataque para se interpor entre urbanismo e exclusión: un poema coma que o pode todo: un poema periférico, isto é: onde haxa ferruxe, canellas, fábrica, camións estomballados, gatos, tapadeiras, ofensa, ignición: poema condenado a non usar cadeira:

II

ataca: sitúase contra a retirada unilateral: non pide perdón, non se arrepinte: desprega trincheiras, abre, reorganízase antes de escribir un adxectivo: procura non escribir adxectivos: o poema non anda para lérias:

III

a leria e a literatura neutralizada: what's your country?: construción do poema coma quen arma o pobo: enfrontarse ás palabras prohibidas: my country is the working class: por un poema panfleto: cousas claras, lingua sen administrar, estratexia da ameaza, consigna e frase feita: que anda ás apalpadas e detecta o real:

IV

este texto descre da normalidade:

V

o corpo social do poema: o que dá na formación do artefacto: di: socialismo ou barbarie: di: palabra intoxicada: di: algo: á propaganda polo feito: di:

VI

“É a realidade: faise o que se pode, non se fai o que se quere. En troques, téntase facer o que se quere co poder que se ten [...] E iso non significa en absoluto pregarse, pola contra, significa reforzarse e flexibilizarse”¹

VII

un manuscrito que esquece facer deporte: non á escrita ximnástica: así se coloca un poema para a ofensiva: queima rexistros: descompón instrucións: perde o norte: a desorientación e o estrañamento como engrenaxe non renunciábel: aquí comezan as hostilidades: nos ocos:

VIII

luz e taquígrafos: leña verde: poema aparello, poema zumbón: a impertinencia de tratar con delincuentes: o poema non aseñorea a tradición: ten dentes igual que se autodefende: odia: o poema, definitivamente, ataca:

¹ Godard, Jean-Luc: *Introducción a una verdadera historia del cine*. 1980, Madrid, España: Ediciones Alphaville.

Asfalto

para Manuel Darriba

Hai esa voz de cemento,
unha vida privada que implica
toda clase de cesións: a maquinaria
dos dedos,
a invencibilidade dos edificios altos.
Sábese que a moblaxe determina a
extensión da molladura, que a
escrita dobra o real das perdas,
a guerra declarada en
cada cidade. As instrucións
aconsellan unha vez máis resistir, ao
que parece, son tempos de paciencia
en Europa occidental e os nosos ósos.

Chris Marker

O noso século cuspe néboa. Escapa.
Elude responsabilidades.
Existe nel
a soberbia do bosque autóctono,
a mala educación
da política táctica, dous
ou tres poemas sobre insurrección.
Houbo eclipses,
xeada dentro da voz,
un rouquén que impediu a petición
de auxilio, unha caída
irremediábel. O noso século que
se derrama
e o fondo vermello do aire.
O noso erro á hora de medirmos
a estética da capitulación.

[Ser de esquerdas]

[Eduardo Haro Tecglen]

Estratexicamente,
as posibilidades e os abrazos.
Nunha fronteira,
nun lugar que non,
os ensaios. E todos,
en débeda e sen reparos,
de fronte, en potencia,
consideracións á parte,
contra esta maneira de chover duro.

[Os helicópteros están a arder]

[J. G. Ballard]

Testemuño: o descontrol
urbanístico, a linguaxe da distancia:
imposición ou tratamento
con electricidade.
Existimos no tempo dos helicópteros,
ao cabo:
estamos rotos. Do fórceps
ao rotor, o guindastre,
o cascallo do non construído:
materia de declinio.
Difícil a descrición da época e,
con todo,
posíbel: a estética
da desaparición pero a potencia
dos brazos.
A economía da guerra.

[O sabor do sake]

[Yasujiro Ozu]


para Xan Gómez Viñas

En plano inmóbil, os
mortos de noso
piden
recoller madrugadas.
Estas ganas inxustificadas
de nos botar a chorar.
Non hai fundido a negro e os ollos
son os do tatami. Escarva
a maneira de se ir o tempo. A
zorregada
dos que van marchando

[Arte poética '07]

Detidos na fronteira,
entre un domingo e a dedicación íntegra
aos poetas revolucionarios,
con inequívoco propósito de emenda,
abrimos músculo e perspectiva,
procuramos instrumento, desbotamos
a legalidade como territorio da escrita
e facemos policialmente os deberes
do poema: a única posibilidade
consiste en negarnos a paciencia,
as condicións obxectivas,
a conexión marmórea coa historia, as
mesas por debaixo.
O que queremos queima e as tardes
declinan como o imperio.
Achégase o temporal e nós
mirámonos aos ollos: nesta altura,
non sabemos doutro clima.

Coordinación: A.R. López, Montse Dopico e S. Noia. Deseño: Signum.



26 XULLO DO 2007 - NÚMERO 680

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Mario Regueira



Mario Regueira

Raí

Mario Regueira (Ferrol, 1979) deuse a coñecer como poeta en Revista das Letras, pero é a aparición este mesmo ano da súa primeira novela –*L'affiche rouge*– a que o converteu nunha das propostas máis inusuais da literatura galega última, encadrado nunha corrente de renovación que inclúe nomes como Samuel Solleiro ou Daniel Salgado. Membro do proxecto editorial Estaleiro, licenciado en Filoloxía e Dereiro, crítico literario e autor tamén do poemario *Tanxerina*, Mario Regueira presenta nestes monográficos de verán un relato iniciático sobre a relación afectivo-pistoleira de dous rapaces de arrabaldo. Regueira consolida en *Raí* a súa vocación de escritor xeracional e exhibe o estilo que comeza a ser xa o seu sinal de identidade: a navegación eslaiada da escrita sobre o río tortuoso dos sentimentos.

Os dous vimos ao mundo dende o mesmo arrabaldo afastado, nunha das colinas que circundaba o val que sobre o que un día, en tempos remotos, se fundara a cidade. Porén, pouco ficaba do que naqueles tempos deberon ser frondosos bosques. O arrabaldo das miñas lembranzas é máis semellante a unha extensión inmensa de descampados, por onde os seus habitantes tentaban buscar acubillo. Perto das nosas casas, separado por unha extensión de terra que se volvía lameiro coa mínima choiva, os restos dunha urbanización nunca rematada, cos edificios amosando o tixolo, e co teito sen poñer, como esqueletes ou restos dunha confrontación bélica. A crise, claro. Se nos tocasen tempos sinxelos os nosos montes serían a extensión natural da urbe, o seu parque industrial, a súa rica urbanización. A crise ataca como un exército que comeza un asedio, e nós fomos a poboación de fóra das murallas, a primeira en caer. As obras paralizáranse, os nosos pais volveron a casa sen traballo e só algunhas veces ao mes baixaban a enorme pendente que os separaba do centro, para volver derreados á noite, coa cartilla do paro cuñada, algo bebidos, e coa decepción asomando pola meniña dos ollos.

Non lembro o día que nos coñecemos, pero gústame crer que foi o día no que as máquinas pararon e volveron ao centro, un día gris de inverno no que nos atrevimos a pisar pola terra húmida, deixando a goma da zapatilla marcada, e explorar o poboado fantasma que tiñamos diante da porta da casa. Gústame crer que nos atopamos alí, con sete ou oito anos, mentres as nosas nais cosían fechadas nas casas, para traer sequera algo de cartos con que darnos de comer ou mercarnos roupa. E gústame crer que nos cruzamos ao dar a volta a unha esquina, nos dous extremos dunha rúa deserta, como dous pistoleiros. Polo menos ese foi dende o principio o noso xogo favorito. Sempre xogabamos a pistoleiros, e a urbanización a medio rematar era o escenario perfecto, como un poboado abandonado, ou comido pola peste. Sobra dicir que ningún dos dous quería nunca facer de sheriff.

Chamábase Rafael, pero xa daquela lle chamaban Raí. Creio que viña de “raio”, porque era loiro, miúdo e espelido. Corría máis que calquera outro cativo da redonda, e sabía pelexar como un gato. Xa daquela, con oito aniños, era capaz de reducir cativos maiores que el. Non, por forza, senón por axilidade, os outros non vían vir as hostias e quen dá primeiro sempre dá dúas veces. No corpo a corpo revolvíase e non había xeito de inmovilizalo, chegado o caso empregaba unllas

e dentes. Seica nos bairros ricos os nenos consideran que morder e rabuñar é indigno dun rapaz, é contrario ao código de honra dunha pelexa. No arrabaldo, a supervivencia non dita normas dese tipo, nin códigos, nin máis honra que a propia, e calquera recurso vale. Teño visto a Raí coa cara aplastada contra a lama do descampado, tantos minutos que todos pensamos que había morrer, ou polo menos perder a consciencia. Pero Raí erguíase sempre, e rara vez deixaba de devolverllas ao seu rival. Tiven a sorte de sabelo dende moi axiña, de velo pelexar un par de días da data na que nos coñeceramos, xusto cando dous mangallóns pretenderan roubarme os cartos do almorzo e emprendérana a golpes comigo. Raí, que pasaba por casualidade meteuse e entre os dous conseguimos poñelos en fuga nun par de minutos.

Fomos os mellores camaradas dende aquela. Agora que vexo na televisión como os anunciantes e as teleseries tentan vender imaxes de infancia feliz, non podo evitar un sorriso cínico. A nosa infancia, nas extremas da cidade, non se parecía en nada a todo iso. E non só pola falta de xoguets, a fin de contas con dous carabullos ben se facía unha pistola, senón pola falta de futuro. Dende aquela tarde na urbanización abandonada, na que os dous pistoleiros nos atopamos, os nosos xogos mesturábanse cunha vontade incansábel de exploración. Creio que buscabamos outra cousa que non fose o que tiñamos diante. Pero tomando calquera dirección dende o arrabaldo só se chegaba a máis descampados, aos acampamentos dos ciganos, á ponte da autopista á que comezamos indo algunhas tardes para cuspir nos coches, e rematamos tirándolles pedras. O único camiño que non tomabamos nunca era a estrada que baixaba cara á cidade. Un día fuximos da escola só para iso, botar horas andando para abaixo e coñecer o centro. Nunca esqueceré o brillo do sol nos cristais dos edificios, a limpeza das rúas acabadas de asfaltar, o paraíso fechado nun centro comercial, a contida opulencia de todo aquilo. Raí ficou aínda máis marcado ca min, a fascinación non se lle foi dos ollos nen sequera cando nos berraron e castigaron á volta. Esa mesma noite fuximos da casa e atopámonos nun dos edificios abandonados. A luz das estrelas filtrábase polo teito e a lúa chea e redonda como un queixo facía innecesario calquera outro tipo de iluminación. Raí levaba unha navalla, era a primeira vez que lla vía, e despois souben que a roubara nalgunha das tendas do centro. Cortámonos á altura do pulso e esfregamos o sangue dun contra

o outro. Irmaos. Irmaos de sangue. Daquela non sabiamos que a xente das zonas ricas tamén se mata cortándose á altura dos pulsos. No arrabaldo, a xente mátese na ponte da autopista, ou dobrando a dose nunha xiringa, e cortar os pulsos parece un xogo, unha parvada comparada cuns miolos estampados no chao, ou cos espasmos da sobredose.

Aquela noite non foi só un ritual infantil. Na lúa chea que escintilaba na navalla nova debuxouse o riso de algo maior. Era cedo para sabelo daquela, pero algunha cousa mudara dentro de nós ao ver o centro da cidade, a percepción dunha peza que non encaixaba porque estaba no lugar que non lle correspondía. Naquela época comezaba a nosa adolescencia e o arrabaldo, que até entón se perfilara como unha cadea inmensa e sen saída, comezaba a transformarse aos nosos ollos nunha trampa mortal. Moitos dos nosos compañeiros comezaran xa a tratar coas drogas. É unha falacia o da desinformación, unha política que só funciona na zona rica da cidade. No arrabaldo non hai desinformación. Os rapaces que comezaron a engancharse con quince anos sabían perfectamente o que facían, aínda que a agulla puidese parecerlles por momentos a estrada que o arrabaldo non tiña, aquela que levaba cara a un lugar con perspectivas e pola que poderían abandonar sen retorno aquela vida sen saída.

Nós escollimos a navalla. As navallas, debo dicir, porque moi axiña, xa na nosa segunda visita ao centro da cidade, curados os ollos da fascinación e envoltos nunha xenreira xorda, roubamos outra para min e decidimos comezar a empregala. Dar un pao sen saber é aínda peor que a primeira iniciación sexual. Botamos horas nunha caleixa do centro, espreitando á xente que pasaba, calibrando a súa posíbel resposta, a súa envergadura física, fixándonos na súa ollada e esculcando por ela o seu posíbel carácter. Tremiamos cando paramos un rapaz vestido cun chandal e zapatillas de marca. Estabamos máis nerviosos do que el, termando das navallas case sen apertalas, a min até me caeu a miña ao collerlle a carteira, e xusto despois saímos correndo coma tolos. Foi o primeiro de moitos, o principio dun costume. Baixar longamente até o centro, dar un par de paus, gastar parte dos cartos nos bares ou nas máquinas e volver, alardeando da fartura, nun taxi. Estivemos tempo e tempo repetindo esa rutina, de feito, pasounos a primeira adolescencia facendo tales cousas, sen que houbese ningunha gran repercusión. Nunca se nos revolveu ninguén. Chegamos mesmo a saber que podiamos pedir os cartos sen ter que

sacar as facas, xeralmente ninguén se resistía e todo transcorría tranquilamente. Un par de rapaciños xogando a ser delincuentes. Nin sequera trascendeu o máis mínimo na historia da cidade, nunca fomos titulares de xornal, nunca fixemos máis ca iso. Practicabamos as boas maneiras e as navallas permanecían sen estrear, quitando a de Raí, a que cortara os nosos pulsos a noite da irmandade.

As cousas puideron ficar aí, puidemos comezar a engancharnos ao cabalo ou a procurar un emprego en precario, buscarlle un final clásico á historia de dúas persoas máis nadas no arrabaldo. Pero Raí tiña grandes planos na cabeza, e eu, contra toda posíbel controversia, sentía a necesidade de seguilo sen rechistar. Dende o día no que saíra por min naquela pelexa, e ao longo de todas as outras pelexas nas que loitou ao meu lado, a miña fidelidade a Raí convertérase nun feito incuestionábel. Ademais diso e da irmandade, atracar xente sempre une moito, sempre se cruza a adrenalina disparada por dous corpos nun mesmo acto, a defensa mutua, a camaradería, como dúas alimañas cazando xuntas. Pero eu, aínda que daquela só o sospeitase era só un espectador máis. O carisma de Raí convertíao nun líder nato, e eu non era máis que o seu primeiro seguidor. O seu mellor amigo tamén, claro, pero non fondo non máis que o primeiro seguidor. Mesmo hoxe, que sigo a procuralo, é exercendo diso mesmo, como o primeiro discípulo que necesita a axuda do mestre de novo. Até a xente á que atracabamos sendo cativos parecía seducida por el, asaltada por unha especie de anxo, incapaz de negarlle os cartos nin nada que puidese pedirilles nese momento.

E Raí era intelixente. Calquera outro pasaría por todo iso sen decatarse, desperdiciando ese potencial do mesmo xeito no que desperdiciabamos as nosas vidas día si e día tamén. Pero nos seus planos non estaba seguir ese outro camiño sen saída. A primeira adolescencia pasou entre partidas nas salas de máquinas e pequenos paus. Un día Raí decidiu que era suficiente, había que deixar iso dunha vez, xuntara cartos dos últimos golpes, suficientes para mercar dúas pistolas limpas. Nese momento foi a única vez en toda a miña mocidade na que dubidei se seguilo. lembro que lle preguntei, coa suor fría a escorregarme polas costas, para que demo queriamos dúas pipas limpas. “Porque non podemos atracar un banco a golpe de faca”, respondeume. E eu suspirei, cravei os ollos por un intre nos seus e el tendeu-me a mao. Dinlla, apertámolas con forza, e despois démonos un abrazo. “Hai que

saír de aquí, neno, non podemos estar toda a vida con isto". O seu pai morrera había dous meses, caera, ou tirárase da ponte da autopista, non conseguira un traballo fixo dende os últimos vinte anos, é dicir, dende antes de que nacera el. E eu, que o acompañara no velatorio e no enterro, que estivera ao seu lado recibindo os pésames serios da veciñanza, abrazando con calma e tranquilidade unha nai que non paraba de chorar, e tamén, na resaca de todo aquilo, saloucando como non o vira nunca, petando cos puños nas paredes derruídas da vella urbanización, onde de máis nenos eramos pistoleiros pensando que sería sempre un xogo.

Dubidei por primeira vez do meu camarada, pero non foi nada demasiado duradeiro. Aos dous días viaxamos en autobús até outra cidade a uns cantos quilómetros. O boca a boca do arrabaldo falaba dun home que trapicheaba con bo material, e mercámoslle xusto dúas pipas e unha escopeta para recortarlle os canos, ademais de munición. Volvín ter medo cando probabamos as armas, nun descampado moi semellante aos que rondaban o noso propio barrio, contra unhas latas. Pero no momento apropiado non me fallou o pulso marcado e o tipo que nolas vendía dixo que tiña puntería, que non lle gustaría cruzarse comigo nun tiroteo. Raí sorriu, e só por iso convencínme de vez, como se o feito de que sentise orgulloso xustificase todo o que puidese vir a partir de entón.

Primeiro ensaiamos cunha farmacia, co mesmo medo que aquela vez, pero máis decididos, e máis dispostos a disimulalo. Nos arrabaldos o medo trágase e só os vellos camaradas saben descubri-lo nos pequenos tics. Eu, por exemplo, miraba quince veces o seguro da arma, e non deixaba de levarme as maos ao pescozo da camiseta. Raí disimulaba mellor, pero eu tamén notaba os seus ollos semiapagados detrás da capucha, movéndose inquietos dun lado a outro, as maos apertando rexamente a pistola.

Polo menos o estilo xa o tiñamos depurado. Elegantes. A capucha non disimulaba os ollos de Raí, unha das súas armas máis poderosas, e a súa voz pediu con dozura os cartos da caixa, prometendo que non lle fariamos mal a ninguén, que non había de pasar nada se ela, a farmecéutica, colaboraba. E non houbo problema, saímos e montamos nun coche que roubamos pola mañá, camiño das montes da periferia. Todo ben. Non era moito o botín, pero era o principio. O que non sabíamos era o principio de que, ou a cantidade de cousas que comezaban aquel día.

Para o día do banco conseguimos un

terceiro, un rapaz do barrio que sempre andaba tirado e con falta de cartos. O seu era doado. Quedarse na porta coa recortada cubríndonos e garantindo a saída, ser o último en entrar e o primeiro en saír, coller o coche e levarnos de alí. Un terzo do que sacáramos para el, fartura para moitos meses, ou iso esperabamos. Asaltamos unha sucursal nas aforas do centro urbano con suma facilidade. A última hora, xusto antes de fechar. Eu entro como un raio, agarro o segureta por sorpresa e póño-lle a pistola na caluga. A partir de aí todo feito. Raí nin sequera ten que erguer a arma, só deixala visíbel. Todos os caixeiros menos un contra a parede de atrás, as maos onde el as vexa, e o outro que bula, por favor, que temos présa. Elegantes. Se se lles pode chamar así a uns atracadores. Elegantes até no momento no que saímos por pés. Elegantes até cando paramos no arrabaldo e nos abrazamos con forza, co corazón aínda a mil e o outro botando os cartos ao aire e rindo dende o asento do condutor. E nós berrando de xúbilo.

Darí-a algo por ver o xeito no que Raí entrou na casa ese día. Sempre o imaxino como nun filme, a nai de negro sentada na mesa do comedor, e el entrando, camiñando con aquel aire de pistoleiro do Oeste que nunca perdera dende neno. A televisión dá a noticia dun asalto a un banco nas aforas, e el pon un faixo de billetes enriba da mesa e pon un dedo nos beizos da nai, calando a pregunta e bicándoa despois na fronte. Elegante. Todo o que fun na miña vida é grazas a Raí, todo o que chegarei a ser, xusto no momento no que volva velo, será por el.

Fomos trampeando un par de anos. Cando os cartos acababan baixabamos a dar outro golpe. Ao cabo de dous anos a preocupación da Policía era tal que tivemos que desprazarnos a outra cidade próxima para non levantar máis sospeitas. Os coches da forza pública comezaban a patrullar, por primeira vez en décadas, as rúas do arrabaldo, e toda a nosa veciñanza comezaba a temer pola súa seguridade. Aí Raí fixo gala da súa intelixencia de novo. Ofreceu a calquera do barrio a posibilidade de entrar na cuadrilla, aínda que fose rotando, e o dereito a levar unha parte do botín. Con iso conseguiu varias cousas, unha delas gañarse a todo o barrio. En cada casa había unha familia que lle debía un favor e uns cantos meses de fartura. Outra, armar o barrio e entrenalo. Cada un deses fogares posuía unha arma e sabía empregala, algo que nese momento nos pareceu perigoso aínda que inevitábel pero que acabou xogando, co tempo, ao noso favor. Nuns cantos anos Raí decidiu, de

novos, que xa era suficiente. Demasiados asaltos nos arredores, demasiado tempo poñendo en evidencia as relacións dos atracos co arrabaldo. Chegaba, era hora de mudar a estratexia. Xuntamos cinco dos homes máis experimentados e que mellor responderan nos asaltos, e preparamos a despedida, o asalto á sede central dun dos grandes bancos da cidade. Até o momento só asaltamos entidades pequenas, con pouca vixilancia, e o grao máximo de enfrontamento só chegara a ferir un garda de seguridade nun ombreiro. Desta volta, Raí tiña en mente algo inmenso. Algúns informadores advertiran de que se preparaba un gran movemento de cartos en efectivo. Co que sacamos, aínda repartindo cos colaboradores, poderíamos fuxir ao estranxeiro e vivir como marqueses até a fin dos nosos días.

O golpe complicouse. Ao pouco de entrar, un garda de seguridade sacou a arma contra Raí. Vín por segundos e fun tan rápido canto se agardaba de min. Dinlle na cabeza e caeu redondo. A partir de aí non houbo máis oposición. Ollei para Raí mentres algúns homes da cuadrilla recollían os cartos. Creo que o notei sorrir por baixo da capucha. Non me pesou, polo menos nese momento. A miña pistola estivo sempre ao seu servizo, aínda agora, cando volvamos atoparnos, despois de tanto tempo, a miña arma seguirá traballando por el.

O golpe foi o suficientemente sonado na cidade como para ter que escondernos no outro lado da fronteira durante case un ano. Foi un ano tranquilo, nunha zona rural, onde a cuadrilla pasou o tempo xogando ao fútbol e embebedándose de cando en vez. Moitos deses homes nunca viran máis que os descampados nos que naceramos e telos alí, xogando e sen preocupacións, era como agasallarlles un anaco de paraíso. “Só un ano”, repetía Raí a cada pouco, despois dun ano habíamos volver, con cautela, e comezar a expandir os negocios. A saída doada do exilio nunca lle gorentou e seguía por teléfono as noticias do arrabaldo. A Policía fixera varios rexistros e presionara a zona durante as semanas seguintes ao asalto. A cousa chegará a tal punto de tensión que os habitantes, liderados por algúns antigos compañeiros de cuadrilla, deran unha resposta armada e se producira un tiroteo con algúns feridos. Todo o país ollaba alarmado o que estaba pasando na cidade. Raí insistía sempre en que mantivesen a calma e a confianza. Ninguén deu un chío, o arrabaldo mantivo a súa confianza nel, e o trebón foi pasando pouco a pouco. Co cesamento dos atracos a cidade foi recuperando pouco a pouco a normalidade.

O día que tivemos que volver comezou a construírse cos cartos do atraco unha cancha de fútbol para os pequenos. Tamén se puxeron fondos para unha clínica, e un programa de almorzos. A complicidade do barrio foi total. A través dunha sociedade interposta a donación parecía vir dun antigo emigrante, enriquecido no estranxeiro. Faixos de billetes calaron as bocas que puidesen acusar cunha sospeita. A cuadrilla comezou a falar de Raí como de Robin Hood. Lembro que o tomamos á risa, aínda que hoxe podo decatarme de que boa parte de verdade había niso.

A seguinte fase púxome de novo na dúbida. Deixar os atracos e comezar coa droga. En realidade, aínda que eu nunca o souben, comezouse con iso algúns meses antes do último dos atracos. As redes de distribución do barrio foron mercadas ou “disuadidas”. O plano de Raí era eliminar o cabalo das nosas rúas e comezar a trapichear coa coca e as drogas de deseño na zona rica. Os traficantes que non quixeron colaborar foron expulsados do arrabaldo, aínda que sempre tiveron medo de averiguar os detalles concretos de todo aquilo. Raí deixara de falar do xeito no que o facía antes. Agora mesmo parecía máis un político, o líder que sempre fora en potencia. E non tiñamos máis de vinte e cinco anos.

O día que retornamos foi nun gran coche de luxo, e unha comisión de veciños recibíunos con ramos de rosas. Xa non vestíamos coma antes, senón con traxes de marca, e un par de homes de confianza encargábanse de levar as armas detrás de nós. Cando a nai se achegou e o bicou chorando no medio da multitude tiveron un ramallazo de consciencia e comecei a pensar até que punto nos asemellabamos a Robin Hood ou a Vito Corleone.

Os anos que seguiron foron os do noso apoxeo, en realidade, os do seu apoxeo. Convertemos o arrabaldo nun lugar completamente distinto. O veneno que vendíamos á clase alta daba cartos suficientes como para vivir nós mesmos na opulencia e garantir a habitabilidade do noso barrio. Ademais diso novos negocios se foron abrindo, o tráfico de armas, as chantaxes, e a protección que cobrábamos a determinados negocios. A Policía mantíñase a raia con subornos, e ningún grupo rival parecía capaz de facernos fronte no noso territorio. Raí soubera gañarse o arrabaldo, en cada casa había unha arma que respondía por el, e a unha orde súa bastaba para eliminar calquera oposición. Foi nese momento cando a xente comezou a dicir que o seu nome, en realidade viña de “rei”. En realidade pouco restaba do raio loiro que era con oito anos.

Agora, enfundado no seu traxe negro, daba unha sensación completamente distinta. Até a min me resultaba difícil conciliar esa imaxe coa do rapaz con quen comezara a atracar había tantos anos, navalla en mao. A nosa camaradería continuaba impertérrita. E eu, sen facer nada por iso, era o seu brazo dereito, o seu mellor amigo, ou o seu valido cando era necesario. Todas as fins de semana subía comer ao chalé que construíra nas aforas do arrabaldo, e onde vivía coa súa nai, e bebíamos algo e botabamos unhas risadas lembrando os vellos tempos. “Canto fixemos por este barrio”, era unha frase que repetía moi a miúdo. E eu, lembrando os descampados que xa case desapareceran, non podía deixar de asentir cun estraño sentimento no peito.

Pero as cousas complicáronse de alí a pouco. Un novo xefe de Policía chegou á cidade e non quixo participar máis da roda dos subornos. Traía a idea de limpar a cidade, e comezaría por nós, polos cumios que a rodeaban e que xa comezaban a semellarnos un castelo inexpugnábel. Foi completamente inútil tratar de subir os prezos, levarlle mulleres fermosas, ou ofrecerlle a posibilidade de entrar nalgún dos negocios. Nin sequera serviu de nada revolver no seu pasado. O pesadelo do crime organizado materializábase diante de nós. O home era inatacábel, impecábel, cunha conduta sen tacha que lle valera precisamente o posto no que agora se enfrontaba a nós. Volveron os tiroteos ao barrio. Os enfrontamentos coa Policía comezaron a estar á orde do día e aparecimos de novo nas primeiras planas dos xornais do país. Raí decidiu ocupar as ruínas da urbanización abandonada e convertela nunha especie de primeira liña de defensa que afastase o lume o máis posíbel das vivendas. Unha vez máis, os xogos da nosa infancia volvían facerse realidade, aínda que agora as balas fosen de verdade.

A confrontación chegou a un punto tan álxido que os nosos mortos comezaron a pesarnos demasiado no ánimo. Acurraladao e decidido a non renderse, Raí tomou unha decisión drástica e ordenou o secuestro dun dos fillos do policía. Durante meses que nos valeron tranquilidade e seguridade, tivemos un cativo de quince anos fechado no soto dun dos vellos edificios da urbanización abandonada. Oito homes vixiaban a casa, armados e dispostos a disparar a matar. Finalmente parecía que o noso rei conseguira unha paz forzada, e os nosos negocios podían estenderse de novo en paz. Só unha treizón podía poñer fin a todo iso, alguén que informase á Policía do lugar onde estaba o secuestrado e devolvese ao xefe de

Policía a capacidade de entrar a sangue e lume no arrabaldo. Soubemos das presións ás que someteron a moitos dos camaradas e veciños, os cartos e a protección que ofreceron. Pero Raí era unha figura demasiado respectada, e conseguira converter o seu interese no interese de todos nós. Porén, apesar diso, a treizón aconteceu.

Aínda hoxe a xente do arrabaldo cuspe cando di o nome do traidor, e todos aqueles que lembran os tempos de Raí con fidelidade desexan en segredo cruzalo algunha noite escura para pegarlle un tiro. Ninguén entende como, o día no que a Policía chegou e asasinou decenas de persoas para rescatar o rapaz, aquel home puido saír con vida de todo aquilo. Contan que o propio Raí o cruzou cando corría a defender o edificio onde estaba o secuestrado, que o insultou na distancia e o tivo a tiro. Que se apuntaron o un ao outro dende os extremos da rúa, e que Raí lle perdoou a vida e o deixou escapar. Ninguén entende por que. Din que porque era alguén a quen lle debía a vida, o seu mellor amigo, o camarada máis fiel que tivera dende neno. Seguramente, e isto podo dicilo porque vin tremar o seu ollar dende o outro lado da rúa, porque o traidor era eu.

Hoxe atrevesei a fronteira buscándote, Raí. Levo meses seguindo os teus pasos. Sei que estou vivo porque aquel día non disparaches. Todo o mundo creu que me perdoabas a vida e iso valeume ese respecto ao meu dereito a existir, mesturado co noxo de considerarme un traidor. Raí non foi capaz de matar o seu mellor amigo, perdooulle a vida no último segundo, téndoo completamente a tiro, até aí conservou a elegancia. Deixouno fuxir como a rata que é.

É mentira, non me perdoaches a vida, sinxelamente non te atreviches a disparar porque sabes, dende que eramos uns nenos xogando a ser pistoleiros, que sempre fun máis rápido e mellor disparando. Que a túa bala non tiña a garantía de acertar, pero a miña estamparíase entre as túas cellas, aínda que os teus homes desen conta da miña vida pouco despois. Dispararme era condenarnos aos dous. Agora estamos vivos, e eu vou á túa procura. Heite de ver por última vez, e levo a pistola, para pola de novo, aínda que non o creas, ao teu servizo.

Contan que a noite anterior eu ceara na túa casa e que fun tan falso como para abrazarte na despedida sabendo que ao día seguinte a Policía iría por ti. En realidade non fun tan falso.

Abraceite co mesmo cariño que sempre, até con máis, porque sabía que era a última vez e que ao día seguinte unha bala da Policía fecharía os teus ollos para sempre. Buscaba ese alivio, non cho nego, que os teus ollos se apagasen e deixar de velos para sempre, liberarme deles e da necesidade de seguilos golpe tras golpe, deixar de escoitar o teu riso cando lembrabamos os tempos da infancia. O carisma foi sempre a túa mellor arma, pero comigo, chegou a ser a túa perdición. Non me preguntes canto cobreí e se a nosa amizade valía tan pouco, se é prezo que pague o feito de ser un maldito para sempre e non ter o acubillo do arrabaldo nunca máis. Asustaríaste se soubeses o pouco que cobreí, por que poucos cartos te vendín.

Din que a Policía está derrubando a vella urbanización, que hai un policía en cada rúa e os teus homes, sen ti, son incapaces de reaxir. Que hai meses que non se escoita un tiro, e iso debería preocuparnos. O arrabaldo volve ao inicio. Se cadra, cando as máquinas de demolición marchen, outros dous nenos se coñecerán no medio do solar que fique e sexa o principio doutra historia. Se cadra cambie o final e o noso barrio realmente renaza das súas cinzas. Os teus homes agardan ordes para a resurrección, pero din que non te arriskas sequera a chamar. Que non queres dar pistas, aínda que foses ben pouco orixinal buscando o refuxio. Se cadra estás a agardarme, para repetir o momento no que nos cruzamos pistola contra pistola, e que as historias fechen do mesmo xeito no que comezaron.

Crucei a fronteira procurándote. Sei que estás na casa de campo onde nos agochamos despois do último golpe no banco. Aqueles días fermosos, cando lles regalaches un paraíso a homes que nunca tiveran futuro e comezaches a pensar que podías solucionar os problemas do barrio para sempre. Os últimos días felices que lembro ao teu lado, precisamente por estar fóra do arrabaldo, esquecidos das rúas que nos viron nacer. Paréceme xusto que todo remate aquí, que a historia non se fechase naquela rúa fantasma e que os dous conseguíramos partir e atoparnos no último reduto da nosa felicidade.

Traio o meu revólver, e insisto en que está ao teu servizo. A miña pistola vai fechar esta historia, Raí. É a mesma que mercamos aquela vez, nunha cidade afastada, a mesma coa que matei o meu primeiro home, só por salvarche a vida. A mesma que non disparei o último día no arrabaldo. Vou entrar pola porta grande e vou pedir paso aos teus homes. Hanme cachear, pero xa levo a arma nunha funda especial que non poderán atopar.

Voume achegar a ti, que me agardas co teu traxe negro no fondo do xardín, onde a entrada da casa, e hasme preguntar a que veño e se non me dá vergoña volver onda ti. Vouche sentir tremer a voz e vouche ver as marcas nos puños. Sei que te pegaches contra as paredes como o día que morreu teu pai, que choraches como só te vin chorar eu e que non

me perdoarás nunca tal cousa, non estar alí cos meus ombros, fallarche do xeito que nunca agardaches de min.

“Raí, veño suplicar o teu perdón”, digo mentres boto a mao ás costas, como se me estivese a rascar. No pulso desa mao aínda poderás ver aquela marca que nos fixemos a navalla o día que xuntamos o sangue. E os teus ollos lostregarán de dor, e aínda escoitarei a túa gargallada amarga, os teus últimos reproches. “Raí...”, direi unha última vez e sacarei a pistola contra ti. Vou sentir os teus homes correr detrás de min, e ti, máis rápido, que botas mao ao cinto e desenfundas, como cando xogabamos a pistoleiros. E disparas unha vez. Non vas acertar na cabeza, ese era eu. Vai doer nun ombreiro, e tres segundos despois, mentres das un paso, no peito. Eu agarro o revólver ben forte e caio ao chao sen disparalo. Quero que non che caiba dúbida, e que cando o recollas e abras o tambor, vexas que está baleiro.

Ti es o heroe desta historia, e eu un simple discípulo. A miña pistola está de novo ao teu servizo, recóllea da miña mao e gárdaa como lembranza. Que corra polo arrabaldo a noticia de que mataches o traidor que tentou asasinarte por segunda vez. Que os homes disparen as armas ao aire e a Policía bote a tremer de novo temendo un levantamento. Que Raí volva erguer en furia os despoixados de todo e entre no arrabaldo entre os aplausos da multitude. Que os teus ollos comanden outra vez os corazóns e a túa voz pida con dozura o que nos é debido. Que vexas o tambor baleiro e volvas quererme. Mentres o meu amor se desangra no chao.